

3 o barro na historia



Bisontes de arxila sobre rochas. Paleolítico. Le Tuc d'Audoubert (Arriège-Francia).

Nun comezo a arxila foi utilizada para realizar figuríñas de animais sen cocer.

Hai máis de 9.000 anos os cazadores nómadas que se establecían á beira dos ríos facían cabanas con adobes, láminas de arxila secadas ao sol. Máis tarde mesturáronna con palla par darlle máis consistencia e comezaron a utilizar moldes para darlle forma.



Recipiente para gran. Val do Xordán, IV milenio a de C.



Zigurat de Aqaqut. Séculos XIV-XIII a de C.

A elaboración de pezas cerámicas cocidas apareceu cos primeiros asentamentos humás de agricultores e recolectores no Próximo Oriente nos inicios do Neolítico. Os achádegos máis antigos coñecidos ata o de agora son os das cavernas de Hotu e Belt no norte do Irán e Xericó (Palestina), do 5.500 a de C.

Nos primeiros tempos as pezas facíanse á man polo sistema de estirado dunha morea de arxila ou engadindo churros, e cocíanse en fornos abertos.

O torno de alfareiro utilizouse por primeira vez en Exipto hai uns 5.000 anos, e de alí pasou a Mesopotamia e Creta. Máis tarde a Grecia e toda Europa occidental.

O vidro xa era utilizado en Exipto, Persia e Mesopotamia. Os chineses perfeccionaron o seu uso hai 3.000 anos. Tamén descubriron o procedemento para fabricar a porcelana e utilizaban fornos onde as pezas cocían ata 1000° C.

Os árabes transmitiron as técnicas chinesas a Occidente a través de España e desenvolveron a técnica do vidro metálico.

Os alemáns descubriron o procedemento para fabricar porcelanas duras no século XVIII.



Muller e carneiro. Xerusalén, IV milenio a de C.



Ánfora romana. Museo do Castro do monte Tegra. A Guarda



Cerámica árabe



Forno de porcelana chinés antigo. As pezas cócense no interior de recipientes.



Plato Tsing. Século XVIII



Antiga fábrica de Sevres (Francia)



Cerámica do Castro de San Cibrán. Cobas (Mearfo).

Desde tempos remotos a arxila usouse en Galicia para realizar obxectos úteis e artísticos como nos amosan os restos de cerámica atopados nos castros de todo o país e os abundantes restos da época romana.

Os obradoiros artesanais de **oleiros** e **telleiros** abundaban por todas as comarcas onde a arxila aparecía de forma natural.

Na primeira metade do século XX as telleiras foron sendo substituídas polas fábricas con procesos mecanizados e os obradoiros de oleiros especializáronse en pezas de uso común ou de interese etnográfico e cultural.

A primeira fábrica de louza de Galicia foi a de **Sargadelos**, que traballou desde 1804 a 1875. En 1970 foi restaurada a partir dun proxecto de Isaac Díaz Pardo que creou, xunto con artistas da época, o Laboratorio de Formas de Galicia.

En 1900 fundouse en Salcidos (A Guarda) a Cerámica Lomba que elaboraba cerámica popular e obxectos artísticos.

En 1922 fúndose en Vigo a cerámica **Álvarez**, que chegou a ser unha das máis importantes do Estado con fábricas en Cabral (Vigo) e Pontesampaio. Despois de diversas crises pechou en 2001.

En 1926 creouse en Pontecesures a cerámica **Celta** que traballou con deseños de artistas como Asorey, Maside ou Castelao.

En 1949 fúndase en Sada a Cerámica **O Castro**.

Actualmente contamos con modernas industrias que elaboran elementos de construción, louza e produtos artísticos. En varias localidades seguen a traballar artesáns tradicionais e numerosos obradoiros de novos creadores.



Telas romanas. Museo Arqueolóxico. A Coruña.



Peza de louza da antiga fábrica de Sargadelos.



Pezas de Sargadelos con deseños de Luis Seoane



Oleiros nunha feira en Mondoñedo.



"O Tesouro", peza de cerámica deseñada por Francisco Asorey para Cerámica Celta de Pontecesures.



Oleiro en Buño.



Cerámicas Álvarez, en Carral.



Forno das antigas Cerámicas Arousanas, en Vilalonga.